

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 21 DE MAIO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a colección de ourivaría Álvaro Gil Varela.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o procedemento e os modelos de adhesión das entidades locais á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación do Plan sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da quinta addenda ao convenio de colaboración suscrito pola Xunta de Galicia, Augas de Galicia e o Concello de Marín para a execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas no concello de Marín.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidas por concellos, mancomunidade de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria, por un importe de un millón catrocentos noventa e oito mil trescentos cincuenta e dous euros con cincuenta céntimos (1.498.352,50 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidas por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención das drogodependencias na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria, por un importe de un millón douscentos tres mil euros (1.203.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas beneficiarias do Programa de activación para o emprego, regulado polo Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, correspondente ao exercicio de 2015. Importe total: dous millóns trescentos mil euros (2.300.000,00 euros).



INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe para a creación dun polo tecnolóxico en avións non tripulados en Rozas (Lugo) cun investimento de 45.000.000 euros.
- Informe sobre a resolución pola Axencia Galega de Innovación (Gain) da convocatoria sobre unidades mixtas de innovación.
- Informe sobre o Plan de promoción exterior dos viños galegos de denominación de orixe (DO) para os anos 2015 e 2016.



A XUNTA ACTUALIZA O DECRETO QUE REGULA OS REQUISITOS DOS CONTROLADORES DE ACCESO A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

- ***En 2010 o goberno galego regulou por decreto os requisitos que deben cumprir os controladores para exercer as súas funcións***
- ***Desde aquela, un total de 806 persoas xa acadaron a habilitación como persoal de control de espectáculos públicos e actividades recreativas nas convocatorias anteriores***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do decreto que regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas para garantir a continua reciclaxe e a actualización da preparación necesaria para o desempeño da actividade.

Así, establécese que tras a primeira convocatoria hai cinco anos, na cal obtiveron a habilitación 120 persoas, faise necesario que para renovar o certificado acreditativo deben superar unhas probas psicoloxicas, ademais de xustificar o cumprimento dos requisitos de carecer de antecedentes penais e ter coñecementos básicos das linguas oficiais de Galicia.

Suprímese a exigencia de ter superado a proba consistente na realización dun test de coñecemento sobre as materias relacionadas coas funcións propias deste persoal, xa que se considera que a superación de novo dun test psicolóxico é suficiente para renovar a habilitación, sen mingua de garantir o axeitado desempeño da actividade de control de acceso.

O Goberno galego aprobou a principios do ano 2010 a regulación por decreto dos requisitos que deben cumprir os controladores para exercer as súas funcións. Desde aquela, un total de 806 persoas xa acadaron a habilitación como persoal de control de espectáculos públicos e actividades recreativas nas convocatorias anteriores.

A nova regulación ofreceu melloras para os empresarios do sector da hostalaría e os espectáculos públicos, que tiñan reclamado en numerosas ocasións esta medida; para os usuarios e clientes, que viron reforzados os seus dereitos e seguridade, e para os propios controladores de acceso, que lograron o recoñecemento e a dignificación da súa profesión.

Para poderen acceder á habilitación, os solicitantes deberán pasar unhas probas de coñecementos que consisten nun cuestionario de cincuenta preguntas tipo test, máis cinco de reserva, que versan sobre temas relativos á Constitución española, normativa básica do dereito de admisión, follas de reclamacións, posesións de armamento,



medidas de seguridade en establecementos de concorrencia pública e primeiros auxilios, entre outros asuntos. Posteriormente, realizan un exercicio de tradución dun texto do galego ao castelán que ten carácter voluntario para os aspirantes que coa solicitude entregaron a documentación precisa que acredite os ditos coñecementos. Finalizados os exercicios teóricos, lévase a cabo a segunda proba, que consiste na realización dun test psicolóxico. Para obter a habilitación deberá obterse a cualificación de apto nas dúas probas. E a partir da entrada en vigor deste decreto, para poder renovar a habilitación deberán volver pasar un novo exame psicolóxico.



O GOBERNO GALEGO DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL A COLECCIÓN DE OURIVARÍA ÁLVARO GIL VARELA, QUE PERTENCE AO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

- *As 44 pezas que conforman a colección son un expoñente da xoiaría pre e protohistórica do noroeste peninsular e supoñen unha importante fonte de coñecemento para o estudo destes períodos cronolóxicos*
- *O seu carácter senlleiro radica en aspectos arqueolóxicos, históricos e artísticos, aos cales hai que engadir a calidade das xoias e o seu estado de conservación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC) a colección de ourivaría Álvaro Gil Varela, que pertence ao Museo Provincial de Lugo. Trátase dun conxunto de pezas que son un expoñente das distintas formas e técnicas empregadas na elaboración de xoiaría pre e protohistórica do noroeste peninsular. Por iso a converten nunha fonte única de coñecemento histórico para o estudo da tecnoloxía e a sociedade destes períodos cronolóxicos en Galicia.

Tal como establece a Lei de patrimonio cultural de Galicia (Lei 8/1995, do 30 de outubro), a declaración BIC garante a máxima protección e tutela para esta colección, e a súa utilización queda subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. A declaración de ben de interese cultural contou cos informes favorables da Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario, do Consello da Cultura Galega e da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago.

Descrición e importancia da colección

A colección está composta por 44 xoias (43 delas de ouro e 1 de prata) que presentan, na súa maior parte, formas e tipos característicos da ourivaría prerromana do noroeste peninsular e que abrangue un amplo período que vai dende o Bronce inicial ata a ocupación galaico-romana no século II d.C. Entre elas cómpre salientar o colar de Chaos de Barbanza, un conxunto formado por nove doas de ouro, que constitúen a mostra máis antiga de ourivaría protohistórica do noroeste peninsular. Hai que sumar outras como as gargantillas de tiras de Monte dos Mouros, así como aros, brazaletes e pulseiras.

Tamén hai unha importante representación da cultura castrexa, con pulseiras, adornos de pelo, arracadas, láminas ou torques, como o coñecido torque de Burela. Precisamente, o seu carácter castrexo fai singular esta colección fronte a outras do territorio do Estado. Ademais, o feito de que practicamente a totalidade das pezas estean elaboradas en ouro supón que a colección teña un valor material de seu engadido ao de por si excepcional valor como fonte de coñecemento histórico.



O carácter senlleiro desta colección radica nos seus aspectos arqueolóxicos, históricos e artísticos, así como a calidade das pezas e o seu estado de conservación.

Así mesmo, desde o punto de vista historiográfico, esta colección sobresaie pola importancia que tivo e aínda ten para a arqueoloxía galega, xa que as súas pezas foron estudadas por moitos dos máis senlleiros investigadores galegos dos séculos XIX e XX e mantense o interese na actualidade, tal como demostran diversas publicacións de especialistas en ourivaría protohistórica.



A XUNTA APROBA O MODELO DE ADHESIÓN DOS CONCELLOS, ENTIDADES PÚBLICAS E EMPRESAS Á REDE DE EMERXENCIAS DIXITAL DE GALICIA

- *Cada organismo aboará un importe proporcional ao número de terminais e aos servizos que empreguen na Rede*
- *Ao longo deste ano incorporaranse á rede os efectivos da Axega, Policía Autonómica, 112, dispositivos antiincendios, bombeiros e 061*
- *A rede, xestionada por Retegal, empregará as infraestruturas do operador público, permitindo un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais*

Ao longo deste ano todos os organismos do sector público autonómico vinculados ás emerxencias estarán integrados na nova Rede de Emerxencias Dixital de Galicia, á cal se poderán adherir tamén os concellos, entidades públicas da Comunidade e empresas privadas que precisen coordinarse cos servizos públicos de emerxencias.

O modelo de adhesión para estas entidades foi aprobado hoxe no Consello da Xunta e establece cada organismo integrado aboará un importe proporcional ao número de terminais e aos servizos que se utilicen na rede.

Respecto á adquisición dos terminais necesarios para empregar a rede, o modelo de adhesión, prevé dúas posibilidades, a compra directa por parte destas entidades ou o emprego dos terminais cedidos pola Xunta de Galicia.

Previamente, a Xunta adxudicou un acordo marco que determina os modelos de homologados e as empresas subministradoras. Este modelo de compra centralizada permitirá a todos organismos da Xunta que se adherisen adquirir os terminais a un prezo competitivo.

O número de usuarios estimados ata 2016 é de 5.000 entre efectivos de Axega, Policía Autonómica, 112, dispositivos antiincendios, bombeiros e 061, que se prevé que cheguen aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos, e ten capacidade técnica para chegar ata os 12.000. Esta rede porase á disposición doutros organismos públicos, como deputacións ou concellos e conseguírase, deste xeito, unha maior coordinación dos distintos servizos de emerxencias.

A entrada en funcionamento desta rede, que será xestionada polo operador público Retegal, substituirá a tecnoloxía analóxica que actualmente se emprega na rede de emerxencias, que non permite implementar novas funcionalidades servizos nin ten capacidade para soportar as necesidades actuais dos servizos de emerxencias.



Tecnoloxía de última xeración

A rede empregará a tecnoloxía Tetra, a máis punteira para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e recomendada a nivel europeo. O novo sistema caracterízase pola súa fiabilidade incluso en situacións extremas ou de saturación. Esta tecnoloxía garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa, emprega dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas e permite as comunicacións en grupo e a integración cos sistemas de integración cos sistemas de telefonía fixa e móbil.

Ademais, posibilita a incorporación de diversos servizos como localizar xeograficamente en tempo real a posición de todos os dispositivos de emerxencia vía GPS, envíos de sms a persoas ou grupos, envío de fotos, consulta de bases de datos ou a gravación de conversas con capacidade de ata 120.000 horas de gravación, e permitirá a encriptación das comunicacións.

Será a primeira rede de emerxencias de España que incorpora a posibilidade de habilitar o servizo de datos mellorado (TEDS) que multiplica por 5 a velocidade de transmisión de datos con respecto ás redes de emerxencia convencional. Estas características converten a rede de Galicia na referencia máis moderna en España

Cobertura e investimento

A previsión é que a nova rede dixital estea xa operativa en todo o territorio cunha cobertura do 84 % do territorio e o 94 % da poboación, de xeito que garantirá un alto grao de cobertura nas principais zonas urbanas nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco e zonas rurais.

Ademais, conta cunha estación base transportable, que poderá ser empregada para un despregamento rápido de cobertura nunha zona de sombra ou aumentar a capacidade ante un evento que xere un incremento exponencial das comunicacións dos servizos de emerxencia e seguridade.

O investimento foi de 6.378.100,22 €, dos cales o 70 % son achegados pola entidade pública empresarial Red.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e o 30 % pola Xunta de Galicia, concretamente pola Amtega, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar e a entidade pública empresarial Red.es

Aforro de 37 millóns de euros



Na creación desta nova rede de emerxencias estanse a aproveitar infraestruturas de telecomunicacións implantadas no marco do Plan de banda larga da Xunta e as redes do operador público Retegal, o que permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais. A empresa pública será a encargada de xestionar a rede dixital de emerxencias.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DO PLAN SECTORIAL DA REDE VIARIA DE FERROL E ÁREA DE INFLUENCIA, NO QUE SE ACTUALIZAN AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA MELLORAR A MOBILIDADE

- *Este documento recolle as infraestruturas necesarias para vertebrar e ordenar a mobilidade dos concellos de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas*
- *O grao de execución do plan a día de hoxe é do 80 %, con case 65 quilómetros de actuacións xa en servizo.*
- *O obxectivo é favorecer a fluidez do tráfico e desconxestionar as vías saturadas, así como evitar o tránsito de vehículos pesados por vías urbanas*
- *As actuacións en materia de infraestruturas previstas neste plan suman case 60 millóns de euros, que se suman aos 265 millóns de euros xa executados*
- *Inclúense a construción dun novo enlace entre a VG-1.2 (Ares–Mugardos) e a N-651; a remodelación do enlace entre a AG-64 e a AC-566, en Narón; e unha nova conexión entre a VG-1.2 e a AC-133 en Mugardos*
- *Suprímese, a petición do Concello de Neda, da vía de conexión da AP-9 coa autovía AG-64 (Ferrol-Vilalba) por mor das afeccións sobre as vivendas e os valores ambientais e paisaxísticos da zona*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou a modificación do Plan sectorial da rede viaria de Ferrol e a súa área de influencia, no que se actualizan as actuacións necesarias para mellorar a mobilidade desta área de Galicia nun horizonte temporal ata o ano 2025.


O Plan sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas foi aprobado en setembro 2002. Transcorridos estes anos, a Axencia Galega de Infraestruturas iniciou a súa modificación co fin de coordinar os diferentes documentos de planificación da rede viaria da zona, incluíndo para iso as actuacións previstas no Plan director de estradas de Galicia, Plan MOVE.

Este documento someteuse a información pública en setembro de 2014 e durante ese período presentáronse 11 informes e alegacións, que foron tidos en conta na súa meirande parte na proposta final de modificación do plan. Así, incluíronse remodelacións de enlaces viarios existentes e a execución dunha pequena conexión, que garanten o obxectivo primordial de articular o territorio:

- Supresión da vía de conexión da AP-9 coa AG-64 (Ferrol-Vilalba) en atención á petición realizada polo Concello de Neda, por mor das afeccións sobre as vivendas e os valores ambientais e paisaxísticos da zona.



- Un novo enlace entre a VG-1.2 (Ares – Mugardos) e a N-651. Proponse a remodelación da conexión existente no límite entre os concellos de Fene e Cabanas, que actualmente conta cun trazado confuso para o condutor.
- A remodelación do enlace entre a AG-64 e a AC-566, en Narón. Complétase o enlace de Castro entre a autovía AG-64 e a estrada AC-566 (Narón - Campo do Hospital) para permitir todos os movementos.
- - Unha nova conexión entre a VG-1.2 e a AC-133 en Mugardos. Trátase dun novo trazado de 0,58 km de lonxitude que substitúe a conexión actual da vía para automóviles e a estrada da Deputación CP-3504, canalizando o tráfico pola AC-133, que é a vía principal de acceso a Mugardos.



Por outra banda, mantéñense actuacións propostas con algún cambio ou incorporación, como a inclusión dunha vía prevista no Plan xeral de ordenación municipal de Ferrol, unha nova vía de conexión da FE-13 coa rúa Bimbieiro. Tamén se define unha proposta de actuacións concreta, en coordinación co Concello de Mugardos, para mellorar a conexión da VG-1.2 coa estrada AC-133 neste concello.

A modificación aprobada esta mañá polo Consello da Xunta tamén recolle que o orzamento estimado das actuacións programadas que restan por executar é de case 60 millóns de euros.

Plan sectorial

A finalidade deste plan é a mellora da mobilidade de Ferrol e a súa área de influencia para favorecer a fluidez do tráfico e desconxestionar as vías saturadas; así como evitar o tránsito de vehículos pesados por vías urbanas de escasa capacidade e con abundante tráfico de axitación, poñendo ao servizo dos cidadáns estruturas que permitan un desenvolvemento comarcal e a mellora da seguridade viaria.

O ámbito xeográfico que abrangue este plan sectorial comprende os Concellos de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas, o que implica unha poboación beneficiada de máis de 130.000 habitantes.

Está en servizo unha porcentaxe de case un 80% da lonxitude de infraestruturas planificadas, con 65 quilómetros de actuacións executadas que melloran os accesos aos concellos afectados polo mesmo, coma o tramo Fene - Ferrol da AP-9, a autovía Ferrol – Villaba, o acceso ao porto exterior ou a vía para automóviles entre Vilar do Colo e Mugardos. O investimento previsto no plan ascendía a 323 millóns de euros, dos que xa se investiron máis de 265 millóns de euros.



MEDIO AMBIENTE MELLORARÁ A ESTACIÓN DE BOMBEO DE LAMEIRA NO CONCELLO DE MARÍN POR UN IMPORTE DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha nova addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello, co obxectivo de integrar esta nova actuación e axustar as anualidades pendentes ao ritmo das obras*
- *Na actualidade, Augas de Galicia ten en marcha, nas súas diferentes fases, tres actuacións: a mellora co colector xeral de Marín, o saneamento Pereiro-O Pozo e Pereiro-Caledro*
- *Con este investimento adicional, o convenio de colaboración para o saneamento do rural de Marín elévase a máis de 6,6 millóns de euros*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá, aprobou a sinatura dunha nova addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Marín polo cal a Xunta de Galicia mellorará a estación de bombeo de Lameira, neste concello pontevedrés. Esta actuación, cun importe de 1,2 millóns de euros, é necesaria para garantir un correcto funcionamento do sistema de saneamento, ao tempo que se avanza na mellora da calidade da auga da ría de Pontevedra.

Un dos obxectivos desta addenda é a introdución desta nova actuación, que achegará un importe adicional de máis dun millón de euros para mellorar o saneamento e abastecemento do Concello de Marín, ao tempo que se reaxustan as anualidades pendentes das actuacións en marcha ao ritmo de execución das obras.

Esta actuación forma parte dun conxunto de accións que constan dun orzamento de máis de 6,6 millóns de euros destinados á mellora do saneamento do rural do concello de Marín, dos cales o Concello achega 530.000 euros.

No marco destas accións de mellora do saneamento no rural, actualmente, Augas de Galicia está a executar a obra de saneamento Pereiro-O Pozo (490.000 euros), está licitada a obra de saneamento de Pereiro-Cadrello (536.000 euros); ao cal hai que engadir a mellora da rede de Marín, coa mellora do colector xeral e unha nova impulsión, que suman un importe de 3,8 millóns de euros, que ten por finalidade mellorar a xestión de pluviais e a eliminación de infiltracións nas redes municipais.

Ao longo destes anos, executáronse catro actuacións previstas no convenio para o saneamento do rural, como foron o saneamento á parroquia de Caños de Moledo (Loira), que contou cun orzamento de 500.000 euros; o saneamento na parroquia de Cidrás, cun orzamento de 102.000 euros; o saneamento na parroquia de Pardavila-



Fixón, cun orzamento de 172.000 euros; e o saneamento na parroquia de Miñán-A Esperela, cun orzamento de 828.000 euros.

O convenio para a execución de varias obras no rural e a mellora da rede de saneamento de Marín tiña por finalidade aumentar a súa eficacia na xestión das augas pluviais e unha redución significativa da infiltración, que permita un mellor funcionamento de todo o sistema de saneamento dos Praceres, co obxectivo final da mellora da calidade das augas da ría de Pontevedra.



SANIDADE DESTINA 2,7 MILLÓNS DE EUROS AOS PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS DESENVOLVIDOS POR CONCELLOS E POLAS ONG

- *A partir de agora, as ordes pasan a ter un carácter bianual (25 meses ao longo de 3 exercicios)*
- *Introdúcese a posibilidade de que as entidades solicitantes incrementen a porcentaxe de cofinanciamento*
- *En ambos os dous casos engadíronse novos criterios de baremación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe dúas ordes nas cales se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias desenvolvidos por concellos, agrupacións ou mancomunidades de concellos, así como por entidades privadas sen ánimo de lucro da Comunidade Autónoma de Galicia.

En total, o investimento previsto para os anos 2015, 2016 e 2017 ascende a 2.701.352 euros, dos cales 1.203.000 euros corresponden ás ONG e 1.498.352 euros son para os concellos.

O desenvolvemento destas actuacións ten por obxectivo promover a adopción de estilos de vida saudables e de ocupación do tempo libre entre os adolescentes e mozos galegos, ademais de potenciar, nos diversos colectivos nos cales se intervén, factores de protección e reducir o impacto de determinados factores de risco asociados ao consumo de drogas. Tamén que outros colectivos implicados na prevención, como familiares ou docentes, funcionen como axentes de saúde.

Novidades

Dende a Consellería de Sanidade realizáronse algúns cambios respecto ás ordes anteriores. Neste senso, a partir de agora, as ordes pasan a ter un carácter bianual (25 meses ao longo de 3 exercicios). Así, redúcese as cargas administrativas e increméntase a estabilidade dos equipos preventivos.

Ademais, introdúcese a posibilidade de que as entidades solicitantes incrementen a porcentaxe de cofinanciamento (o mínimo segue a ser 5%), fomentándose que as entidades locais integren a prevención na súa planificación estratéxica con carácter estable. Deste xeito enriquecése a valoración técnica dos proxectos presentados e foméntase o espírito de cofinanciamento das bases reguladoras.

Doutra banda, no caso dos concellos, engadíronse dos novos criterios de baremación (a porcentaxe de cofinanciamento e o custo medio por programa e 1.000 habitantes) e, no caso das ONG, un novo criterio (a porcentaxe de cofinanciamento).



En ambas as dúas ordes se modificou o cálculo das contías das subvencións para facelo máis sinxelo e simplifícase a documentación solicitada ás entidades beneficiarias, co obxecto de reducir a carga administrativa derivada da tramitación das subvencións.

Plan de trastornos adictivos

Así mesmo, estas ordes inscríbense no Plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016, que recolle dez liñas estratéxicas de actuación entre as que destaca diminuír que prevaleza o consumo de bebidas alcohólicas, tabaco ou drogas ilícitas; a regulación e control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco en menores; así como a prevención das adicións sociais e condutas relacionadas e a diminución de riscos e redución de danos asociadas ao uso e abuso de drogas.

As cinco primeiras liñas estratéxicas establecen as actuacións claves e os responsables de desenvolvelas, e serán os concellos e as entidades cidadás (entidades privadas que traballan en materia de drogodependencias) as que terán competencia no desenvolvemento de campañas e actos de sensibilización social sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas e outras adicións sociais e condutas relacionadas, así como na elaboración de guías e materiais de sensibilización social nos ámbitos escolar, familiar, xuvenil e laboral.



TRABALLO DESTINA 2,3 MILLÓNS PARA MELLORAR A CUALIFICACIÓN DE 1.000 DESEMPREGADOS DE LONGA DURACIÓN CON CARGAS FAMILIARES

- *Esta orde pioneira consistirá na convocatoria de 67 accións formativas de catro tipos que poderán beneficiar a 1.000 persoas*
- *Trátase de iniciativas vinculadas coa aprendizaxe de idiomas; coas competencias requiridas polas empresas no ámbito das TIC; dirixidas á obtención das competencias clave e de certificados de profesionalidade*
- *Esta iniciativa enmárcase no Plan de activación para o emprego para 2015 e 2016 acordado coa patronal e os sindicatos e conta cun orzamento total de 10 millóns de euros e seis medidas concretas*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace á orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de 67 actividades formativas para aquelas persoas que carezan de cualificación, para que adquiran as competencias mínimas para mellorar a súa empregabilidade, e para aqueles con certa cualificación, para que consigan unha formación axustada ás necesidades do tecido produtivo.

En concreto, esta orde pioneira consistirá na convocatoria de 67 accións formativas de catro tipos que poderán beneficiar a 1.000 persoas: vinculadas coa aprendizaxe de idiomas; coas competencias requiridas polas empresas no ámbito das TIC; dirixidas á obtención das competencias clave en lingua castelá, matemáticas e lingua galega, no nivel 2 e 3, e para a adquisición de certificados de profesionalidade.

A convocatoria das subvencións previstas será por réxime de concorrência competitiva. Poderán ser beneficiarias todas aquelas entidades de formación e centros inscritos e acreditados na Consellería de Traballo, nas especialidades formativas as que fai referencia e que estean inscritas ou acreditadas na data da publicación da orde. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte á publicación no DOG.

Plan de activación para o emprego

Esta iniciativa enmárcase no Plan de activación para o emprego para 2015 e 2016 acordado en xaneiro coa patronal e os sindicatos e que, cun orzamento total de 10 millóns de euros e seis medidas concretas, ten como destinatarios uns 20.000 parados de longa duración con cargas familiares que teñan esgotado as súas axudas ou as súas prestacións hai seis meses ou máis. Ofrece un contido específico de orientación, formación recualificación e recoñecemento da experiencia laboral, xunto cunha medida de protección, a través dunha axuda económica que os acompaña durante a súa duración e permite un mellor aproveitamento das medidas de activación.



As outras cinco iniciativas que completan o plan son as seguintes. A primeira delas consiste na contratación de técnicos de orientación para o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), co fin de titorizar individualmente estas persoas. Son un total de 75, que se suman aos 56 que se contrataron a través do Yei (Programa de garantía xuvenil), isto é, un total de 130 novos orientadores nas oficinas de emprego galegas.

Púxose en marcha, ademais, un programa de adquisición de experiencia en entidades sen ánimo de lucro e outro de formación dual, que permitirá aos beneficiarios do programa de activación obter cualificación, asociada a un contrato laboral de formación e aprendizaxe.

Os incentivos á contratación son outra das medidas. Segundo o Plan do Goberno estatal, permítese que unha empresa contrate traballadores coa posibilidade de compatibilizar, durante 5 meses, un contrato por conta allea coa renda de acompañamento (426 euros que se deducirán do salario que se aboará). Polo tanto, a Consellería incentiva estes contratos con contías entre 3.000 e 8.000 euros, segundo o tipo de contrato. Así, por exemplo, os 3.000 euros con que se promove o contrato temporal de 12 meses permite que a empresa poida ter un contrato incentivado con máis de 420 euros durante todo o ano, se se computan os 5 meses nos cales se pode compatibilizar o contrato coa prestación aos cales se suma esta axuda da Xunta. Doutra banda, tamén se incentiva a transformación dos temporais en indefinidos.

A última medida deste plan de actuación céntrase no fomento do emprendemento, apoiando cada alta como autónomo.

Outras inversións en materia de formación

A Consellería de Traballo e Benestar conta tamén con outras medidas en materia de formación como o programa de formación para desempregados, que este ano conta cun orzamento de 23,5 millóns de euros, cos cales se prevé realizar 680 accións formativas vinculadas á obtención de certificados de profesionalidade con validez en todo o territorio nacional dos cales se poidan beneficiar 10.000 persoas.

Así mesmo, a Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano 2,6 millóns de euros para a formación dual, co que se prevé poder formalizar preto de 500 contratos para mozos e mozas menores de 30 anos. Con esta iniciativa, o departamento autonómico dá resposta á aposta do Goberno galego por incentivar o emprego a través do contrato de formación e aprendizaxe, xa que así se poden formar os mozos e mozas mentres perciben unha retribución polo seu traballo, amparados por un contrato con todas as garantías legais e cun salario estipulado e axustado ao convenio colectivo e supervisado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.



A XUNTA INVESTIRÁ 45 MILLÓNS ATA O ANO 2020 NA CREACIÓN DUN POLO INDUSTRIAL E TECNOLÓXICO DE AVIÓNS NON TRIPULADOS EN GALICIA

- *O Centro de Investigación de Rozas será o núcleo deste polo, ao cal se destinarán ata 25 millóns para a selección dun ou varios socios tecnolóxicos que se encargarán de desenvolver un plan de investimentos asociado, instalar centros de produción, implicar compañías e centros galegos no proxecto e crear emprego*
- *O procedemento para levar a cabo a selección do socio tecnolóxico iníciase hoxe co visto e prace do Consello da Xunta e rematará a finais deste ano coa contratación*
- *Os outros 20 millóns van dirixidos a procesos de compra pública innovadora de tecnoloxías, a través dunha convocatoria que se activará a partir do 2016*
- *Rozas converterase nun referente en Europa no ámbito do desenvolvemento de tecnoloxías en avións non tripulados para aplicacións civís exercendo de tractor para novos investimentos e favorecendo a mellora da competitividade industrial galega*
- *A vixilancia forestal, o control de recursos pesqueiros, o salvamento marítimo e a supervisión do patrimonio serán algunhas das aplicacións de tecnoloxías*

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola innovación como un dos eixes de desenvolvemento económico de Galicia, investirá, ata o ano 2020, ata 45 millóns de euros para crear en Galicia un polo industrial e tecnolóxico de referencia en avións non tripulados para aplicacións civís, co obxectivo de situar a Comunidade nunha posición de vantaxe no mercado deste tipo de vehículos que contan cunhas óptimas expectativas de crecemento.

O Centro de Investigación de Rozas será o núcleo deste polo, ao cal a Consellería de Economía e Industria destinará ata 25 millóns á contratación dun ou varios socios tecnolóxicos, que se encargarán de desenvolver un plan de investimentos asociado a dita contratación, instalar centros de produción, implicar compañías e centros galegos no proxecto e crear emprego. O procedemento, ao que o Consello da Xunta deu o seu visto e prace, se inicia hoxe coa publicación do anuncio e rematará a finais deste ano coa contratación do socio ou socios tecnolóxicos.

Neste sentido, o polo integrará centros tecnolóxicos e de investigación galegos capaces de xerar coñecemento en áreas como os sistemas de comunicacións, e a empresas tamén galegas do sector aeronáutico e doutros, como os auxiliares do metal ou os do naval e a automoción, que terán aquí unha oportunidade para a diversificación do seu negocio nun sector de alto valor engadido.



Entre os retos estratéxicos e de futuro que se abordarán figuran a prevención e extinción de incendios, a xestión de catástrofes, o salvamento marítimo, o inventariado e a xestión integral do territorio, o control do furtivismo, a elaboración de mapas de riscos, a vixilancia costeira ou a xestión de fluxos turísticos.

A esta aposta sumaranse outros 20 millóns que o Goberno galego destinará neste período, a través dunha convocatoria que se activará o vindeiro exercicio, á compra pública innovadora de tecnoloxías novas pero xa desenvolvidas. Este tipo de iniciativas están considerada pola Comisión Europea como un instrumento imprescindible para impulsar a innovación desde a Administración e proporcionar servizos públicos de calidade.

Cómpre lembrar que a estes 45 millóns se lle suman os 10 millóns de euros que a Xunta, o propio Ministerio e o Inta están a destinar ao Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas para a adaptación das instalacións existentes.

Así, a iniciativa supón unha importante aposta polo contorno socioeconómico galego, e en particular por Lugo, por parte de grandes empresas aeronáuticas, que levarán a cabo o plan de investimentos asociado ao contrato, convertendo Rozas nun referente en Europa no ámbito do desenvolvemento de tecnoloxías en avións non tripulados para aplicación civís.

As empresas que compitan por este contrato poderán presentar a súa candidatura ata mediados de xuño a través da web da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.es), e deberán acreditar a capacidade necesaria para investigar a aplicación dos sistemas aéreos non tripulados aos retos expostos pola Xunta, que pola súa vez se implicará no proceso colaborando coa súa experiencia na prestación deses servizos e testeando os avances que se vaian acadando.

O resultado será un abano de tecnoloxías civís en sistemas aéreos non tripulados creadas, desenvolvidas, fabricadas e probadas en Galicia e preparadas para ser exportadas ao mercado de maior crecemento na industria aeroespacial mundial nesta década, estimado en 67.000 millóns de euros para este decenio e que aínda está nunha fase incipiente, polo que un posicionamento temperán como o promovido pola Xunta é clave.

Esta actuación está aliñada coa Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), que aposta polo desenvolvemento do sector aeronáutico como alternativa de diversificación dos sectores tractores, e coa Axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0, que procura a hibridación multisectorial, o que supón a interconexión de sectores distintos na procura de aproveitar as sinerxías entre eles para mellorar a súa competitividade no mercado global.



AS UNIDADES MIXTAS DE INNOVACIÓN PROMOVIDAS POLA XUNTA MOBILIZAN 70 MILLÓNS E CREAN 270 EMPREGOS EN SECTORES ESTRATÉXICOS PARA GALICIA

- *A segunda edición de unidades mixtas suma 13 millóns que mobilizan preto de 50 millóns, cifra á que cabe engadirlle os 21 millóns mobilizados na edición de 2014*
- *Este ano incorpóranse 11 novas unidades mixtas nas cales empresas e organismos de investigación colaborarán en sectores industriais estratéxicos de cara a gañar competitividade no mercado global*
- *A industria naval conta con tres proxectos que mobilizarán 8 millóns na procura de optimizar os procesos produtivos dos estaleiros galegos, o deseño e fabricación de eixes de buques, e acadar solucións tecnolóxicas intelixentes e de baixo custo*
- *O sector automobilístico suma tres novas iniciativas centradas na fábrica intelixente e na mellora das prestacións dos compoñentes*
- *No programa, que achega os organismos de investigación á empresa incentivando a transferencia de coñecemento, están a participar compañías líderes nos seus sectores como Navantia, Vulcano, Wartsila Ibérica, PSA Citroën, Roche Farma e Coren*

O Goberno galego, na súa aposta pola transferencia de coñecemento ao tecido empresarial como base do incremento da súa competitividade, resolveu a segunda edición do programa para a creación de centros de innovación mixtos por parte de empresas e organismos de investigación. Así, neste 2015, a Consellería de Economía e Industria destina 13 millóns de euros a 11 novas unidades mixtas que mobilizarán preto de 50 millóns. Deste xeito, a iniciativa, a que cabe engadirlle os máis de 20 millóns mobilizados nos 8 proxectos seleccionados no 2014, eleva a mobilización de capital ata os 70 millóns de euros en menos de sete meses, impulsando liñas de traballo innovadoras en sectores estratéxicos para Galicia.

Neste contexto, e como destaca o informe presentado hoxe no Consello da Xunta, as 11 unidades mixtas da convocatoria deste ano crearán 165 empregos de alta cualificación, que se suman aos 105 postos de traballo xerados no anterior exercicio, dando un total de 270 novos empregos cualificados.

As novas unidades mixtas desenvólvense no marco da Axenda da competitividade Galicia - industria 4.0, na procura de promover un modelo industrial baseado na fábrica intelixente, eido que centra catro das iniciativas, e veñen reforzar a capacidade innovadora de sectores estratéxicos para Galicia, en liña coas prioridades establecidas na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3).



Así, a maior parte delas correspóndense co reto de incrementar a competitividade das industrias con máis peso na economía galega. Neste sentido, tres novas unidades mixtas súmanse ás tres existentes no sector da automoción, mentres que outras tres inauguran a nómina de unidades no ámbito naval. A alimentación, con dúas, e as TIC, o medio ambiente e a saúde, con unha respectivamente, completan o abano de unidades beneficiarias desta resolución de axudas.

O pulo necesario para o naval

No marco do seu compromiso co incremento da competitividade do sector naval, Economía e Industria impulsa tres unidades mixtas que, a través dun investimento público de 2,5 millóns, suporán a mobilización de 8 millóns, sumando a achega de empresas e centros tecnolóxicos e de investigación galegos. A alianza de Navantia coa Universidade da Coruña ten como obxectivo optimizar os procesos produtivos para que os estaleiros galegos sexan competitivos en relación cos de Asia e o resto de Europa. Wartsila Ibérica e Aimen traballarán xuntos para mellorar o deseño e fabricación de eixes de buques. Finalmente, Vulcano e de novo Aimen desenvolverán solucións tecnolóxicas de fabricación que sexan intelixentes, flexibles e de baixo custo para o sector da construción naval.

O Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) está presente en dúas das novas unidades mixtas relacionadas co seu sector. Con PSA Citroën deseñará e porá en marcha unha instalación piloto que reflectirá a evolución cara á industria automobilística 4.0, con aplicacións de robótica, mentres que con Viza obterá unha nova xeración de armaduras de asentos de altas prestacións en canto a peso, ergonomía e resistencia. A terceira unidade no marco deste sector nace da alianza entre Aimen e GKN Driveline Vigo e ten como obxectivo o desenvolvemento de novas tecnoloxías para a fabricación de alto rendemento de compoñentes de transmisión para vehículos, que posteriormente se poderán aplicar noutros sectores como o naval e o aeronáutico. O investimento público total nestas unidades supera os 2 millóns e mobiliza máis de 7.

As unidades do sector da alimentación contan cun investimento público superior aos 6 millóns de euros, que activan unha mobilización total de 26,5 millóns. O traballo conxunto entre as empresas Calvo e Conservera de Esteiro con Anfaco busca desenvolver o modelo de fábrica do futuro para o sector, aplicando técnicas de visión artificial, TIC e outras tecnoloxías avanzadas para a obtención de produtos á medida do consumidor. Pola súa banda, Coren e o Centro Tecnolóxico da Carne están a desenvolver xa sete proxectos estratéxicos en áreas como a cría do polo e o porco, a sanidade animal e os alimentos funcionais.

No ámbito da saúde, a Fundación Ramón Domínguez e a multinacional Roche Farma desenvolverán proxectos de investigación en medicina oncolóxica personalizada. A



unidade conta cun investimento público de 700.000 euros, que permitirá a mobilización total de 2,5 millóns.

A unidade mixta do sector TIC está promovida por TRC Informática e Gradiant, co fin de desenvolver tecnoloxías intensivas en coñecemento para a súa transferencia ao mercado global de solucións de seguridade, tanto pública como privada. Co apoio da Xunta de 600.000 euros conseguirá mobilizar máis de 2 millóns.

Por último, no ámbito do ambiente, o Centro Tecnolóxico da Auga (Cetaqua) e a empresa Viaqua crearán sistemas compactos e avanzados para o tratamento de augas adecuados á dispersión poboacional en Galicia. O investimento público de 700.000 euros será completado pola empresa e o centro ata acadar os 2,3 millóns.



A XUNTA IMPULSA UN PLAN DE PROMOCIÓN INTERNACIONAL DOS VIÑOS DE GALICIA DURANTE OS DOUS PRÓXIMOS ANOS

- *A estratexia, na cal participan as denominacións de orixe Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e Augardentes e Licores de Galicia, centrarase de inicio no mercado alemán, e está aberta a novas accións noutros países no ano 2016*
- *O plan aspira a triplicar as exportacións das adegas galegas ao mercado alemán, que en 2014 supuxeron máis de 600.000 litros por un valor de 2,8 millóns*
- *Ao abeiro da marca Galicia Calidade, desenvolveranse distintas accións promocionais para destacar as vantaxes competitivas e diferenciais dos viños galegos*

O Goberno galego, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial como un dos piares do crecemento económico, segue a desenvolver diferentes programas de impulso para facilitar a saída ao exterior das empresas galegas. Neste sentido, o Consello da Xunta avaliou hoxe o Plan de promoción internacional dos viños e licores galegos que, amparado polas diferentes denominacións de orixe, impulsará a Consellería de Economía e Industria durante os dous próximos anos.

Esta actuación pioneira desenvolverase ao abeiro dun protocolo de colaboración do Igape cos consellos reguladores das denominacións de orixe Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e Augardentes e Licores de Galicia. O plan centrarase no seu primeiro ano en Alemaña, dado o seu especial interese para os produtores por ser un mercado próximo, de fácil acceso e cun importante potencial consumidor, pero estará aberto a impulsar accións cara a un segundo mercado durante o segundo ano de vixencia.

O obxectivo é triplicar no 2017 as exportacións das adegas galegas ao mercado alemán, mantendo os prezos medios das bebidas. En 2014, un total de 80 adegas galegas exportaron cara a este mercado máis de 600.000 litros por un valor de 2,8 millóns de euros.

Para isto, baixo o amparo e o renome da marca Galicia Calidade, desenvolveranse distintas accións promocionais para destacar as vantaxes competitivas e diferenciais dos viños galegos, fortalecendo e intensificando a súa presenza nos mercados internacionais, incrementando a súa cota de exportación e facilitando a rotación dos viños neses mercados.

Deste xeito, aspírase a dar a coñecer neses mercados os viños das denominacións de orixe galegas que aínda non se exportan, así como incrementar as vendas daquelas adegas ou denominacións que xa comercializan os seus produtos.



No marco deste plan, o IGAPE e os distintos consellos reguladores das denominacións de Orixe colaborarán en cantas actuacións, propostas e accións de promoción, publicidade e presenza nos mercados seleccionados sexan necesarias para o seu desenvolvemento.

